

# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



Ilustracións: Tania Solla  
Textos: Polo Correo do Vento

## LOLITA DÍAZ BALIÑO

(A Coruña 1905 – A Coruña 1963)

Foi unha pintora, fotógrafa  
e profesora de debuxo.

En 1938 foi a primeira muller  
membro da Real Academia Galega  
de Belas Artes.

María Dolores, aínda que todo o mundo

a coñece por “Lolita”, nace na Coruña e desde moi nova ten interese pola cultura; Así, cando ten 19 anos gaña a medalla de prata do concurso de fotografía organizado polo Círculo de Artesáns, ao tempo que comeza a destacar como pintora colaborando en revistas como *Mariñana*, *Vida Gallega* ou *Céltiga* e tamén no xornal *La Voz de Galicia*. Participa en exposicións e ilustra publicacións. No ano 1929 gaña unha bolsa da Deputación da Coruña e no 1938 convértese na primeira muller en ingresar na Academia Galega de Belas Artes. Máis tarde desenvolverá a súa profesión como profesora de pintura no seu domicilio e na Escola de Artes e Oficios. No ano 2021 é a figura homenaxeada no Día da Ilustración.

Sabías que  
Lolita Díaz Baliño  
deu clase de pintura  
moitos anos no estudio  
que tiña no seu domicilio?

# MULLERES GALEGAS

## práctica

Algunha das súas alumnas foron logo pintoras importantísimas  
que realizaron exposicións por todo o mundo.

Busca información sobre dúas destas alumnas:  
**María Antonia Dans e María Elena Gago.**


Sabías que cando daba clase incidía moito en que para seren  
boas pintoras debían dominar a técnica do carbón,  
ou carbonciño?

Investiga como é ese xeito de pintar e procura exemplos.  
Practica e debuxa con distintos materiais un mesmo tema:  
unha pomba.

Colorea esta  
pintora  
e decora o seu  
estudio

# MULLERES GALEGAS

colorea



María Dolores Díaz Baliño  
xunto a Carmen Corredoyra  
convertéronse en 1938  
nas primeiras mulleres  
en ingresar na Academia Galega  
de Belas Artes

# MULLERES GALEGAS

reflexiona

Quen foi María del Carmen Corredoyra? A que se adicou?

## Reflexiona:

A Academia Galega de Belas Artes fundouse no ano 1849  
e as primeiras mulleres en ingresar fixérono no 1938.

Que opinas?

## Coñeces o nome dalgunha pintora ou ilustradora galega actual?

Hai moitas e moi boas que realizan un traballo excelente.

Procura información das seguintes ilustradoras:

Bea Lema, Lula Goce, Xoana Almar, Abi Castillo,  
Lucía Cobo, Iria Prol e Tania Solla.

Observa como cada unha ten un estilo diferente, aínda que todas  
teñen algo en común: amar a súa profesión e traballar moito.

Neste encrucillado  
aparecen agochados  
diferentes termos  
relacionados coa vida de  
Lolita Díaz Baliño

# MULLERES GALEGAS


encrucillado

## Horizontais:

- 1 Foi ..... de pintura no estudio que tiña no seu domicilio  
4 Como ..... acadou a medalla de prata  
no concurso organizado polo Círculo de Artesáns  
6.1 Naceu na cidade da .....  
6.2 Realizou ilustracións no xornal La ..... de Galicia  
11 No ano 2021 adicaselle o Día da .....

## Verticais:

- 1 Traballou como mestra na Escola de Artes e .....  
3 Profesionalmente destacou como .....  
7 Foi a primeira muller en ingresar na ..... de Belas Artes  
10 No ano 1929 obtivo unha ..... da Deputación da Coruña



Comprueba  
as túas  
actividades

# MULLERES GALEGAS

solucionada

encrucillado

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1			P	R	O	F	E	S	O	R	A
2			I								
3	O		N								
4	F	O	T	O	G	R	A	F	A		
5	I		O				C			B	
6	C	O	R	U	Ñ	A	A		V	O	Z
7	I		A				D			L	
8	O						E			S	
9	S						M			A	
10							I				
11	I	L	U	S	T	R	A	C	I	O	N

